

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 24 de maio de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D^a Olga Alonso Suárez

NON ASISTEN:

Invitados:

D. David Regades Fernández
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e cinco minutos do día vinte e catro de maio de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(567).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(568).- RECTIFICACIÓN DE ERROS DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 10.05.13 DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO SANITARIO ASISTENCIAL A PERSOAS CON PROBLEMAS DERIVADOS DO CONSUMO DE DROGAS.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Política de Benestar, do 22.05.13, conformado pola concelleira-delegada de dita Área, que di o seguinte:

O 10 de maio de 2013 a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria aprobou o expediente de contratación do servizo sanitario asistencial a persoas con problemas derivados do consumo de drogas, que contén o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación dos servizos por procedemento aberto de data 7 de marzo de 2013.

O PCAP de data 7 de marzo de 2013 modificouse polas observacións formuladas por Intervención, asinándose polo xefe da oficina administrativa de contratación un novo PCAP o 23 de abril de 2013. Este último PCAP é o que se debía someter á aprobación da Xunta de Goberno Local.

Polo anteriormente exposto proponse á XGL a adopción do seguinte acordo:

1. Corrixilo erro do punto 1 do acordo de data 10 de maio no senso de aprobalo expediente de contratación do servizo sanitario asistencial a persoas con problemas derivados do consumo de drogas, que contén o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación dos servizos por procedemento aberto de data 23 de abril de 2013.
2. Manter o resto do acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de maio de 2013 sen modificación.

Non obstante esa Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(569).- RECTIFICACIÓN DE ERROS DO ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL DO 6.05.13 DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA O CONCELLO DE VIGO ATE QUE SE FORMALICE NOVO CONTRATO AO EFECTO. EXPTE. 14744/444.

Dáse conta do informe-proposta asinado polo xefe dos Servizos Enerxéticos e o asesor xurídico da Área de Fomento, do 23.05.13, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 6 de maio de 2013, adoptou no seu punto 2 o acordo de aprobación de expediente do epígrafe, transcribindo o texto da proposta, que no parágrafo segundo do punto 5 do acordo di:

“O presente acordo deberá notificarse a ENDESA ENERXÍA S.A.U. para que no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partires da súa recepción, comunique a este Organo de Contratación por escrito a súa conformidade co contido do mesmo. Por elo o presente acordo surtirá efectos si dita conformidade se produce. Asimesmo o contrato deberá formalizarse no prazo de 15 días contados a partires do seguinte á adopción do acordo”.

Dado que a data a partires da que se ten que contar o prazo para formalizar o contrato é a da notificación do acordo, solicitamos a Xunta de Goberno Local que aprrobe a corrección de dito erro e no parágrafo segundo do punto 5 onde di:

“O presente acordo deberá notificarse a ENDESA ENERXÍA S.A.U. para que no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partires da súa recepción, comunique a este Organo de Contratación por escrito a súa conformidade co contido do mesmo. Por elo o presente acordo surtirá efectos si dita conformidade se produce. Asimesmo o contrato deberá formalizarse no prazo de 15 días contados a partires do seguinte á adoptación do acordo”.

Debe dicir:

“O presente acordo deberá notificarse a ENDESA ENERXÍA S.A.U. para que no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partires da súa recepción, comunique a este Organo de Contratación por escrito a súa conformidade co contido do mesmo. Por elo o presente acordo surtirá efectos si dita conformidade se produce. Asimesmo o contrato deberá formalizarse no prazo de 15 días contados a partires do seguinte a da recepción da notificación do acordo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(570).- RECTIFICACIÓN DE ERROS DO ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL DO 6.05.13 DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN BAIXA E MEDIA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 14694/444.

Dáse conta do informe-proposta asinado polo xefe dos Servizos Enerxéticos e o asesor xurídico da Área de Fomento, do 23.05.13, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 6 de maio de 2013, adoptou no seu punto 3 o acordo de aprobación de expediente do epígrafe.

No punto 1º do acordo di “Aprobar o prego de prescripci3ns t3cnicas para o CONTRATO DE SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN superiores a 10 kW para os distintos edificios e instalaci3ns el3ctricas de titularidade do Concello de Vigo elaborado polos Servizos Enerxéticos con data 11 de marzo de 2013”.

Dado que o devandito punto transcribe un erro contemplado na proposta do expediente facendo referencia a un prego anulado que foi substituído polo de data 29 de abril de 2013, PROPONSE á Xunta de Goberno Local que aprobe a correcci3n de dito erro, e no punto 1º do acordo onde di:

“Aprobar o prego de prescripci3ns t3cnicas para o CONTRATO DE SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN superiores a 10 kW para os distintos edificios e instalaci3ns el3ctricas de titularidade do Concello de Vigo elaborado polos Servizos Enerxéticos con data 11 de marzo de 2013”.

Debe dicir:

“Aprobar o prego de prescripci3ns t3cnicas para o CONTRATO DE SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN superiores a 10 kW para os distintos edificios e instalaci3ns el3ctricas de titularidade do Concello de Vigo elaborado polos Servizos Enerxéticos con data 29 de abril de 2013”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(571).- SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO CORRESPONDENTES AOS ANOS 2010 E 2011 PRESENTADA POR D^a SILVIA TABOADA GONZÁLEZ. EXPTE. 24040/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 23.05.13, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 16/04/2013 (documento nº 130042491) D^a Silvia Taboada González, con nº de persoal 79.158, presenta solicitude de suspensión da *“oferta de emprego público 2010-2011 relativa á promoción interna de administrativo, para evitar futuras reclamacións tanto en vía administrativa ou contenciosa debido á situación confusa que se desprende desta apelación, dado que se o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia confirma a sentenza dictada en primeira instancia estase a privar o dereito de promocionar recollido da Constitución ao funcionario afectado na execución desta sentenza, así como a funcionaria que suscribe neste momento non ten clara a súa necesidade de presentarse na dita promoción”*.

2.- Debe sinalarse que en data 29/01/2013 o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo dictou sentenza no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 90/2012, interposto pola recorrente contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 13/01/2012 (expediente administrativo nº 22.698/220) nomeando a 14 administrativos de administración xeral (quenda de promoción interna) tras a celebración dos procesos selectivos de promoción interna integrados na Oferta de Emprego Público 2008. A dita resolución xudicial ten sido recorrida en apelación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola representación legal do Concello, toda vez que no fallo se ordena:

“a retroacción de actuacións ao momento xusto anterior á valoración da formación, para que por parte do órgano avaliador se proceda a computar –a tódolos participantes no proceso selectivo– o curso analizado nesta resolución; e se coloque á actora na posición que lexítimamente lle correspondía, efectuando a proposta de nomeamento conforme ao resultado así obtido”.

3.- O citado escrito foi remitido á Sra. Titular da Asesoría Xurídica Municipal para informe, toda vez que a sentenza invocada pola reclamante se atopa en apelación, non tendo a condición de firme, emitíndose o mesmo en data 19/04/2013. Dito informe, entre outros aspectos, sinala que *“o recurso de apelación ten efecto devolutivo e suspensivo, segundo resulta do art. 83.1 da Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativa de 13 de abril de 1998. O efecto suspensivo do acto administrativo obxecto do recurso, neste caso (procedemento abreviado) nº 90/2012, seguido perante o Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo) respecto da resolución dun procedemento de promoción interna para Administrativos de Administración Xeral no seo da OEP 2008 que resultou anulada por sentenza”*.

4.- Solicitado informe técnico, en data 13/05/2013 emítase polo técnico de planificación e organización informe no senso seguinte:

“En contestación a súa petición de informe en relación ao expediente 24040/220 sobre solicitude de suspensión da quenda de promoción interna da convocatoria para cubrir en propiedade 12 prazas de Administrativo/ade Administración Xeral incluídas na Oferta de emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, segundo escrito de data 16 de abril de 2013, doc. 130042491, copia da cal se achega, infórmase o seguinte:

Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 28 de decembro de 2012, aprobou a Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2012, na que se incluíron catro prazas de administrativo/a de administración xeral, pola quenda de promoción interna, o cal garantiza que calquera que sexa o pronunciamento do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o/a funcionario afectado teña garantido o dereito de promoción.

Existen asimesmo na actualidade prazas vacantes de administrativo/a no Cadro de Persoal Municipal, que permitirá a futura convocatoria das mesmas pola quenda de promoción interna.”

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Primeiramente, debe sinalarse que o escrito impugnatorio presentado non indica a natureza ou tipoloxíade recurso administrativo algún contra os acordos de aprobación das Ofertas de Emprego Público 2010 e 2011 –recurso que, en calquera caso, sería extemporáneo-, contemplándose unicamente unha solicitude de suspensión da oferta de emprego público “201 e 2011” en canto á promoción interna de administrativos.

Da lectura detida do mesmo, así como da sentenza cudicial invocada, dedúcese con claridade que o acto administrativo que actualmente se atopa discutido en sede xudicial non é a oferta de emprego público 2010 ou 2011, senón os procesos selectivos convocados ao abeiro da Oferta de Emprego Público 2008 para a provisión de prazas de administrativos de administración xeral (quenda de promoción interna).

Deste xeito, apriorísticamente parecen incumprirse as esixencias legais en canto aos requisitos formais e materiais preceptuados pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC) para a presentación dos recursos administrativos (con carácter xeral, artigo 107 da Lei, e artigos 116 e 117 en canto aos requisitos específicos esixibles ao recurso potestativo de reposición); en concreto, o apartado 1, letra b) do artigo 110 da norma invocada, que esixe a expresión do acto que se recorre e a razón da súa impugnación, non constando presentación de recurso, nin expresión do mesmo, no escrito de data 16/04/2013 indicado nos antecedentes.

Así se sinala no informe da Sra. Titular da Asesoría Xurídica Municipal de data 19/04/2013, no senso de que *“o recurso de apelación ten efecto devolutivo e suspensivo, segundo resulta do art. 83.1 da Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativa de 13 de abril de 1998. O efecto suspensivo do acto administrativo obxecto do recurso, neste caso (procedemento abreviado) nº 90/2012, seguido perante o Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo) respecto da re-*

solución dun procedemento de promoción interna para Administrativos de Administración Xeral no seo da OEP 2008 que resultou anulada por sentenza”.

II.- Debe indicarse que a solicitude de suspensión presentada non se corresponde estrictamente coa suspensión da execución do acto impugnado contida no artigo 111 da Lei 30/1992 sinalada; así, dito precepto contempla que a interposición de calquera recurso, excepto nos casos nos que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado. Non obstante dita precisión, o órgano a quen compete resolver o recurso, previa ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión, e o prexuízo que se causaría ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender, de oficio ou a solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorran as causas previstas na lei –parágrafo 2, apartados a) e b) do precepto invocado-.

No escrito presentado non se solicita a suspensión da execución do acto impugnado (oferta de emprego público correspondente ao ano 2008) senón de actos administrativos independentes e sen relación causal entre eles, que son as ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2010 e 2011, que nada teñen que ver coa xa executada OEP 2008 -sen prexuízo, obviamente, do fallo da resolución xudicial que en apelación se dicte-.

As Administracións Públicas están suxeitas no seu funcionamento aos principios constitucionais de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao Dereito (artigo 103.1 CE 1978), rexendo os principios de interdicción da arbitrariedade (artigo 9.3) e legalidade, debendo en consecuencia a Administración Pública garantir a plena observancia de que os procesos selectivos se desenvolvan garantindo os principios de igualdade, mérito, capacidade, transparencia, publicidade e concorrencia competitiva recollidos no artigo 55 Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e demais normativa sectorial de concordante aplicación.

O artigo 72 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, contempla (apartados 1, 3 e 4) que:

“1. Iniciado el procedimiento, el órgano administrativo competente para resolverlo, podrá adoptar, de oficio o a instancia de parte, las medidas provisionales que estime oportunas para asegurar la eficacia de la resolución que pudiera recaer, si existiesen elementos de juicio suficiente para ello.

(.....)

3. No se podrán adoptar medidas provisionales que puedan causar perjuicio de difícil o imposible reparación a los interesados o que impliquen violación de derechos amparados por las leyes.

4. Las medidas provisionales podrán ser alzadas o modificadas durante la tramitación del procedimiento, de oficio o a instancia de parte, en virtud de circunstancias sobrevenidas o que no pudieron ser tenidas en cuenta en el momento de su adopción.

En todo caso, se extinguirán con la eficacia de la resolución administrativa que ponga fin al procedimiento correspondiente.”

No presente suposto, e dado que os acordos de aprobación das Ofertas de Emprego Público 2010 e 2011 non constan recorridas pola reclamante, nin se observa qué grao de incidencia poderían ter sobre unha eventual sentenza xudicial de apelación favorable aos seus intereses en relación coa promoción interna efectuada no marco dos procesos selectivos derivados da execución da Oferta de Emprego Público 2008, non parece que exista motivo -máis aló do persoal interese da reclamante- para suspender a execución das citadas ofertas de emprego.

III.- Non obstante, e para o que poda afectar a ese interese persoal da reclamante, lémbrese que en data 13/05/2013 emítase polo técnico de planificación e organización informe no cal se sinala:

“En contestación a súa petición de informe en relación ao expediente 24040/220 sobre solicitude de suspensión da quenda de promoción interna da convocatoria para cubrir en propiedade 12 prazas de Administrativo/ade Administración Xeral incluídas na Oferta de emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, segundo escrito de data 16 de abril de 2013, doc. 130042491, copia da cal se achega, infórmase o seguinte:

Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 28 de decembro de 2012, aprobou a Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2012, na que se incluíron catro prazas de administrativo/a de administración xeral, pola quenda de promoción interna, o cal garantiza que calquera que sexa o pronunciamento do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o/a funcionario afectado teña garantido o dereito de promoción.

Existen asimesmo na actualidade prazas vacantes de administrativo/a no Cadro de Persoal Municipal, que permitirá a futura convocatoria das mesmas pola quenda de promoción interna.”

Por tanto, quedarían *a priori* considerada a posibilidade de materialización dun eventual pronunciamento xudicial do TSXG favorable ás demandas da reclamante; motivo polo cal enténdese que debe procederse á desestimación da solicitude de suspensión plantexada.

IV.- En consecuencia, vistas as competencias atribuídas á Xunta de Goberno Local, recollidas no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal (competencias delegadas por Resolución da Alcaldía-Presidencia de 07/02/2013 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 08/02/2013) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Desestimar a solicitude de adopción de medidas cautelares tendentes a suspender a execución dos procesos selectivos derivados das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2010 e 2011, presentada por D^a Silvia Taboada González, con nº de persoal 79.158. en escrito de data 16/04/2013 (documento nº 130042491), por non concorrer o suposto legal preceptuado no artigo 72 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e demais motivación contida no informe-proposta que antecede e informes emitidos ao expediente administrativo.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo aos interesados/as aos efectos oportunos, dispoñendo a súa publicación no taboleiro de edictos da Casa do Concello, significándolle que contra o mesmo unicamente poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(572).- NOMEAMENTO INTERINO DE TRES AUXILIARES ADMINISTRATIVOS, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES. EXPTE. 24095/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 9.05.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Auxiliares de Administración Xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades dos Servizos de Benestar Social, Comercio e Asesoría Xurídica, contidas nos escritos de datas 22 de marzo, 3 e 9 de abril e, 3 de maio de 2013 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 32.242,86€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarias interinas por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D^a. EVA M^a. DA ROCHA GONZÁLEZ, DNI 76.994.143-X, D^a. PATRICIA MARTÍNS GARBÍN, DNI 77.006.082-N e D^a. BEATRIZ BERNÁRDEZ RODRÍGUEZ, DNI 36.143.333-Y, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliares de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138, auxiliar, sendo adscritas aos Servizos de Benestar Social (cód. 301), Comercio (cód. 015) e, Asesoría Xurídica, (cód. 111).

Cuarto.- A xonada laboral dos efectivos nomeados, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

7(573).- NOMEAMENTO INTERINO DE DÚAS DIPLOMADAS EN TRABAJO SOCIAL, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES. EXPTE. 24087/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 7.05.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Diplomados/as en Traballo Social, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, contidas no escrito de data 3 de maio de 2013 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 36.601,56€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear funcionarias interinas por acumulación de tarefas por un periodo máximo de seis meses, á D^a. MARINA LÓPEZ MARTÍNEZ, DNI 77.411.776-D e, D^a. PATRICIA FERNÁNDEZ CAMBRA, DNI 77.005.279-Z, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Diplomados/as en Traballo Social por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro do 2008 e na Instrucción conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, re-matando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 81, Diplomado/a en Traballo Social, sendo adscritas ao Servizo de Benestar Social (cód. 301).

Cuarto.- A xonada laboral das traballadoras nomeadas, desenvolverase preferente-mente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por re-querimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de repo-sición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

8(574).- DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN, LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, DESIGNACIÓN DE MEMBROS DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN E DETERMINACIÓN DE LUGARES E DATAS DE CELEBRACIÓN DOS PROCESOS SELECTIVOS OEP 2010-2011. EXPTE. 24117/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de organización e Planificación de Recursos Humanos, do 23.05.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición presentado D^a. Tania Galiñanes Fernández en escrito de data 30/11/2012 (nº de rexistro de entrada 120141793), en atención aos fundamentos xurídicos expresados e á motivación exposta nos antecedentes da proposta, xa que a Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo actualmente vixente non contempla a titulación de Grao en Dirección e Xestión Pública, para o posto de técnico medio de servizos económicos. Así mesmo a vixente Relación de Postos de Traballo non foi obxecto de alegacións nin recursos neste senso, nen consta que a interesada teña presentada solicitude de participación na oposición de técnico medio de servizos económicos, obxecto do recurso.

Segundo.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos nos procesos selectivos convocados para a provisión das seguintes prazas: Capataz de Vías e Obras (3 promoción interna), Capataz de Xardíns (2 promoción interna), Capataz de Desinfección (1 promoción interna), Capataz de Instalacións Culturais (1 promoción

interna), Capataz de Electromecánicos (1 promoción interna), Oficial de Instalacións Municipais (23 promoción interna), Encargado de Obras Medioambientais (1 promoción interna), Técnico Mantemento Informática (1 promoción interna), Inspector de Obras, Servizos e Infraestruturas (8 promoción interna), Inspector de Sanidade (1 promoción interna), Inspector de Control de Concesionarias (3 promoción interna), Inspector de Consumo (2 promoción interna), Administrativo de Administración Xeral (1 oposición libre, 12 promoción interna das que 2 se reservan a discapacitados), Técnico de Empresas e Actividades Turísticas (1 oposición libre), Técnico Medio de Arquivos (1 oposición libre), Técnico de Xestión (1 promoción interna) e, Técnico Medio de Servizos Económicos (1 oposición libre), contidas nas Ofertas de Emprego público correspondentes aos anos 2010 e 2011, e en consecuencia declarar admitidos á totalidade dos aspirantes presentados a excepción dos que expresamente se exclúen en listado subseguinte, nos termos do informe emitido polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos en data 21/05/2013, e polos motivos indicados co código correspondente:

**PRAZA DE OFICIAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS
(PROMOCIÓN INTERNA)**

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA EXCLUSIÓN
FONSECA GONZÁLEZ	MANUELA	76896521T	9
VÁZQUEZ DÍAZ	XOSE MANOEL	36044945N	10

**PRAZA DE INSPECTOR DE OBRAS, SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS
(PROMOCIÓN INTERNA)**

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA EXCLUSIÓN
BEA PUENTES	FRANCISCO JAVIER	36119786B	7
CONDE LORENZO	ÉCTOR	36135094R	7

**PRAZA DE INSPECTOR DE CONTROL CONCESIONARIAS
(PROMOCIÓN INTERNA)**

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA EXCLUSIÓN
BEA PUENTES	FRANCISCO JAVIER	36119786B	7,8

**PRAZA DE INSPECTOR DE CONSUMO
(PROMOCIÓN INTERNA)**

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA EXCLUSIÓN
BEA PUENTES	FRANCISCO JAVIER	36119786B	7,8

**PRAZA DE ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL
(QUENDA LIBRE)**

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA EXCLUSIÓN
ALEXANDRE TEIXEIRO	PAULA	32696847R	3
CRESPO CASARES	ALBERTO	36110101D	5
ENRÍQUEZ CASADO	ANA	34992714P	2
FERNÁNDEZ ABALDE	LEOPOLDO	36027034H	6
GONZÁLEZ FERNÁNDEZ	MARÍA JESÚS	36128725A	5
LAMAS GÓMEZ	JOSÉ ALBERTO	35471897D	2
MÉNDEZ PUGA	MARÍA MERCEDES	36076376W	3
MÍGUEZ IGLESIAS	MARÍA BEATRIZ	32771841S	6
NÚÑEZ EIROA	MOISÉS	36152035Z	5
NÚÑEZ ROIS	ÓSCAR MANUEL	76863675K	1,3,5
PAZOS MERCHANT	CARLOS DE	53177060W	6
PÉREZ ROMERO	NURIA	36135600R	6
PESTAÑA FREIRE	BLAS FRANCISCO	32760217Y	3,5
PRIETO BLASCO	MARÍA TERESA	32688131W	6
RIVAS MÍGUEZ	DANIEL	36142887C	6
RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	MARÍA DOLORES	76912554W	6

**PRAZA DE ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL
(PROMOCIÓN INTERNA)**

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA EXCLUSIÓN
GONZÁLEZ RODRÍGUEZ	EMILIA	36068508T	12
VILA CAMPOS	ROSA MARÍA	36098821E	11

**PRAZA DE ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL
(PROMOCIÓN INTERNA-QUENDA DISCAPACITADOS)**

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA EXCLUSIÓN
EIRÓ RODRÍGUEZ	SARA	36057494A	9

**PRAZA DE TÉCNICO EN EMPRESAS E ACTIVIDADES TURÍSTICAS
(QUENDA LIBRE)**

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA EXCLUSIÓN
CASARES MATO	MÓNICA	36126238T	6
GÓMEZ CONDE	EUXA	36156840N	4
RODRÍGUEZ GÓMEZ	LARA	53177770E	5
SANDE VEIGA	JOSÉ RAMÓN	33301063F	2,4
SANTAMARÍA SUÁREZ	BEGOÑA	36089253E	5
TOBÍO VILLAR	MARÍA CARMEN	36088774A	4

**PRAZA DE TÉCNICO MEDIO DE ARQUIVOS
(QUENDA LIBRE)**

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA EXCLUSIÓN
GIRÁLDEZ COSTAS	LUCÍA	77007788Q	6
MARÍN CEBALLOS	JAIME	31666647V	6
MARÍN MUNUERA	ELENA	48513597L	6
MOSQUERA CERVIÑO	MARÍA DEL CARMEN	44807548Y	2
PEREIRA BERNÁRDEZ	JULIO RAFAEL	34876986Q	6
PÉREZ BUSTELO	LAURA	76943002K	6
PRIETO BLASCO	MARÍA TERESA	32688131W	6

**PRAZA DE TÉCNICO MEDIO DE SERVICIOS ECONÓMICOS
(QUENDA LIBRE)**

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA EXCLUSIÓN
CARRERA BABARRO	TERESA	44452061F	4
RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	MARÍA DOLORES	76912554W	6

CORRESPONDENCIAS DOS CÓDIGOS NUMÉRICOS

- (1) Por presentar a súa solicitude fora do prazo establecido ao efecto.
- (2) Por non asinar a súa solicitude de admisión ás correspondentes probas selectivas.
- (3) Por non acreditar ter ingresado os dereitos de exame, mediante orixinal ou copia compulsada acreditativa do ingreso.
- (4) Por non acreditar ou manifestar estar en posesión da titulación esixida nas bases da convocatoria.
